

Política de seguridade no uso das redes WIFI na Xunta de Galicia

De acordo coa Política de Seguridade da Información da Xunta de Galicia, é imprescindible a identificación persoal de todos os usuarios que utilizan as redes de comunicacións e os sistemas de información da Xunta para garantir o seguimento das accións efectuadas sobre a información e os servizos que o requiran. Así mesmo, esta medida está orientada a previr fraudes, incumprimentos ou incidentes relacionados coa seguridade, proporcionándose un acceso seguro e cifrado á rede. É polo tanto obrigatorio respectar as normas de uso establecidas pola Xunta para este servizo.

Configuración da conexión WIFI con NÚMERO DE MÓBIL + CONTRASINAL

1. Conectarse a [RCXG-Convidados](#)



2. Acceder a internet dende o seu navegador, automaticamente redirixe á páxina de alta (omitir conexión non segura se se mostra)
3. Seleccionar a opción “Se non dispón de certificado, pode solicitar un contrasinal...”

Se vostede ten un certificado dixital emitido polo FNMT ou o DNIe pode conectar de modo seguro a rede RCXG_Externos. Pode consultar a documentación sobre como conectarse aquí. Se o desexa pode solicitar o seu certificado da FNMT [aquí](#).

Se non dispon de certificado, pode solicitar un contrasinal de usuario empregando o seu teléfono móbil [aquí](#).



4. Mostrarase unha páxina para cumprimentar tres campos: Teléfono móbil, Código, Confirmar.
5. Aparecerá unha páxina onde se lle confirma que o seu usuario foi xerado correctamente. Recibirá entón por SMS o usuario e o contrasinal. Non peche o navegador e permaneza nesa páxina para executar o indicado no seguinte paso.

A) PORTÁTILES CON WINDOWS

O modo de conexión depende do Sistema Operativo:

1. Para Windows 7, 8 e 10: Descargar o script que configura o perfil da Wifi automaticamente:

O seu usuario foi xerado correctamente, recibirá os datos de acceso no teléfono por SMS. Agora podes desconectar desta rede e conectase RCXG-Externos con seguridade.

Pode conectar usando o seguinte script para plataformas windows. [RCXG-Externos.exe](#)



Descargar e executar clicando en RCXG-Externos.exe
Nos cadros emerxentes clicar en Configurar e Aceptar


(Para Windows XP: ver o Manual que indica os pasos a seguir, manual que pode descargar do portal)

2. Desconectarse de [RCXG-Convidados](#)
3. Conectarse a [RCXG-Externos](#)
4. Identificarse co número de móbil e o código recibido por SMS (omitir pantalla emerxente que salta logo de autenticarse, premendo en cancelar).


B) TABLETAS/MÓBIL ANDROID


1. Borrar a rede [RCXG-Convidados](#) e conectarse a [RCXG-Externos](#)
2. Solicitará credenciais:
 - Usuario: número de móbil
 - Contraseña: código recibido no SMS

Nalgún caso deberemos cambiar o perfil da Rede. Ir a *Axustes Wifi*, premer en [RCXG-Externos](#) aparecerá a opción de *Modificar*. Seleccionamos esta opción e pulsaremos en *Conectar*.



C) DISPOSITIVOS CON IOS (Apple)

1. Seleccionar *Axustes* e logo ir á opción *Wi-Fi*.
2. Conectar á rede [RCXG-Convidados](#) e pulsar a  que aparece ó carón do nome da rede.
3. Despois premer en “*Olvidar esta red*”/”*Omitir esta red*”




D) PORTÁTILES CON UBUNTU

Basicamente solicitará credenciais:

- Usuario: número de móbil
- Contraseña: código recibido no SMS

Logo de conectar, ignorar a fiestra emerxente “No se ha elegido ningún certificado CA”



Protección de Datos:

Conforme ao establecido na Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos, informámolo de que os seus datos persoais serán tratados e quedarán incorporados no ficheiro Seguridade e control de acceso, rexistrado na Axencia Española de Protección de Datos, responsabilidade da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), coa finalidade de xestionar as solicitudes de acceso á rede Wifi da Xunta de Galicia e velar pola seguridade da mesma.

Poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante escrito dirixido á Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), Centro de Innovación Cultural e Modernización Tecnolóxica de Galicia, Cidade da Cultura de Galicia, Monte Gaiás s/n, 15781 Santiago de Compostela (A Coruña), achegando copia do seu DNI ou, de ser o caso, acreditando representación suficiente.